

CRITERIOS DE CERTIFICACIÓN DE HORTA

O obxectivo destes documentos é definir os criterios que identifican os produtos etiquetados coa garantía do Sistema Participativo de Garantía A Gavela.

MARCO DE APLICACIÓN

Este SPG ten como ámbito de actuación o seguinte:

-Territorial: Sudoeste da Galiza, en concreto as comarcas de Pontevedra, Terra de Montes, Morrazo, Vigo, Val Miñor, Condado, Paradanta e Baixo Miño. Candidatas a integrar o SPG que se sitúen fora destas comarcas poderán ser aceptadas, no caso de non contar con un SPG propio, se a asemblea o considera oportuno.

-Sectorial: a produción e comercialización de produtos hortícolas, frutícolas, agrícolas, gandeiros e apícolas. Non se descarta integrar, no futuro, novos sectores de actividade.

-Integral: o SPG está formado e destinado tanto á produción como á transformación, comercialización e consumo. Todos os actores da cadea teñen o seu sitio dentro do Sistema, e son susceptibles a posuír o certificado SPG.

CRITERIOS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO EN TODOS OS SECTORES.

-Prohibición de usar produtos de síntese química, como fertilizantes, herbicidas, funxicidas, insecticidas, etc., excepto nos casos previstos explicitamente no presente documento. Prohibición tamén de empregar transxénicos (OGM) de calquera tipo.

-Actividade que non implique beneficio baseado na explotación das persoas.

-Mantemento da fertilidade natural do chan, uso e fomento da biodiversidade e o policultivo.

-Respecto á dignidade da terra, dos animais e das plantas.

-Participación activa no SPG.

-Transparencia do proxecto: acceso libre e sen restricións ás zonas de traballo, tanto para os verificadores, como para os clientes en xeral.

-Preferencia polos Circuitos Curtos de Comercialización: venda directa e local.

-Apoio mútuo en lugar de competencia: aceptación dos prezos de venda acordados entre os produtores e renuncia a competir baixándoos.

-Prohibición de compaxinar actividade en ecolóxico con actividade en convencional.

CRITÉRIOS VALORABLES

Co obxectivo de incorporar máis e máis produtoras ao sistema ecolóxico e respectuoso que promovemos, o SPG valorará especialmente a progresión no cumprimento dos Criterios Valorables, apoiando e asesorando aos membros que se encontran no nivel máis baixo.

-Biodiversidade:

Variedades locais ou industriais

Aspírase a facer dos membros do SPG propagadores activos de biodiversidade. Nese sentido, valorarase moi positivamente o uso de variedades locais baixo control labrego, garantindo así a conservación da riqueza xenética do noso agro. O uso de variedades ecolóxicas de distribución masiva debe ser correxido co tempo.

Diversidade de cultivos

Apostamos por unha agricultura baseada no policultivo. O ideal dos agricultores do SPG sería unha horta cun número incontable de cultivos, diversificando os traballos, as vendas, etc. A especialización nun produto, ou nun número pequeno de produtos rendibles, atenta contra a filosofía do SPG e debe ser corrixida.

Rotacións de cultivos

Un precepto básico para o respecto ao chan é a rotación de cultivos. Os membros do

SPG planificarán as rotacións, incluíndo as veigas de extensivos e as parcelas de plantas plurianuais.

Asociacións de cultivos

Tratarase de non crear grandes extensións de unha única especie. Asociar cultivos valorarase positivamente.

-Situación das leiras.

Proximidade de elementos poluíntes, como estradas, fábricas, etc.

Perante a proximidade de focos de polución, a horticultora terá que por medios para evitar a súa entrada na horta. A eficacia destes medios será confirmada en calquera caso por análises de terras e de produtos. A inexistencia de barreiras á polución terá que ser

correxida o antes posible.

Leiras colindantes en convencional.

Se as veigas lindantes están cultivadas en convencional, valorarase a maior dilixencia para evitar a entrada de axentes tóxicos (fertilizantes, pesticidas...). As análises de laboratorio serán tamén importantes para avaliar a necesidade de instalación de barreiras físicas.

-Elementos de produción

Tipo de sementes e plantóns

O obxectivo é empregar semente e plantón de tipo ecolóxico e local.

Acéptanse as que proveñen de empresas foráneas de produción de semente e plantón ecolóxico. Os agricultores que aínda empregan semente ou plantón non ecolóxico terán que mudar de sistema o antes posible.

Orixe das sementes e plantóns

Considerase óptimo a autoprodución de semente, ben como o intercambio entre labregos ou na Rede Galega de Sementes. Tamén se acepta a compra de semente e plantón a produtores integrados no SPG, ou, en caso de desabastecemento, a calquera produtor de semente e plantón ecolóxico. O recurso ao mercado convencional terá que xustificarse como última opción, tentando non ter que recorrer a ela.

Fertilizantes

O idóneo será que a propia unidade produtiva produza o seu propio fertilizante, en forma de compost ou esterco. En caso de no abondar, pódese comprar adubo ecolóxico, ou esterco procedente de gandería extensiva. Adubos procedentes de gandería intensiva considéranse inapropiados dentro do SPG.

Control de pragas

O modelo que se promove baséase nas técnicas preventivas e nos remedios autoproducidos. Acéptase tamén un uso razoable de remedios autorizados pola normativa da Agricultura Ecolóxica, mais evitarase o seu uso sistemático e inxustificable.

-Enerxía.

Uso de maquinaria

Promóvense proxectos cun uso de maquinaria dimensionado, que tendan á simplicidade e a eficiencia enerxética. Haberá que corrixir o exceso de mecanización, o exceso de labra do solo e o consumo inxustificable de enerxía eléctrica e combustibles fósiles.

Orixe da enerxía

Preténdese conseguir a máxima sostibilidade enerxética posible. Valorarase a recuperación de sistemas enerxéticos tradicionais (muíños de río, sistemas de rego por gravidade, tracción animal...) e o uso de sistemas modernos (solar, eólico...). O abuso de enerxías non renovables deberá ser corrixido.

Peche de ciclos

Unha ansia permanente das hortas do SPG é pechar todos os ciclos posibles, tanto materiais como enerxéticos e económicos. O consumo excesivo de recursos externos e a xeración de residuos terá que ser mellorada cada ano.

-Aspectos sociais

Compromiso social

As labregas do SPG caracterízanse non só polos manexos agrícolas, senón pola pertenza ao movemento social da Agroecoloxía. Valórase a participación no propio SPG, en movementos sociáis, redes de labregos, sindicatos, comunidades de montes, asociacións veciñais.